



ACTA Nº 2024/2

Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación

Sala de sesións da casa do Concello, xoves 8 de febreiro de 2024

No día de hoxe, ás 09:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se as concelleiras e concelleiros que se indican, coa asistencia do secretario que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

D.^a Mónica Rodríguez Ordóñez

ASISTEN:

PSOE

D. Víctor Manuel Muíño Ramos

D.^a María José Pose Pérez

D. Miguel Angel Pérez Méndez

D.^a Rosa Blanco Lema

D. Manuel Pose Tomé

D. Sergio Miñones Oanes

D.^a Beatriz Pazos Nimo

D.^a Josefa Campos Villar

BNG

D. Benjamín Queiro Pérez

D.^a María Lorena Suárez Pazos

GRUPO MIXTO-PP

D. José Manuel Rodríguez Blanco

AUSENCIAS:

PSOE

D. Mario Andujar Mouzo

SECRETARIO/A:

D. Francisco Javier Novoa Juiz

INTERVENTOR/A:

D. Francisco Fernández Armada

Praza do Concello, nº 6
15129 – Vimianzo (A Coruña)

Tel. 981716001
Fax 981716650

correo@vimianzo.gal
www.vimianzo.gal

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo conCódigo de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



A alcaldesa excusa a ausencia do concelleiro D. Mario Andujar Mouzo por motivos laborais.

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión.

Procédese a tratar os asuntos incluídos na:

ORDE DO DÍA

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación das actas das sesións ordinaria e extraordinaria celebradas o 29 de novembro de 2023 e 23 de xaneiro de 2024.

2º. Ditame sobre aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos do ano 2024. Exp. 2024/X999/000012.

3º. Ditame sobre liquidación definitiva correspondente ao exercicio 2023 do contrato de xestión dos servizos municipais de vivenda comunitaria, centro de día, escola infantill, comedor e lavandería sobre rodas, e modificación do artigo 7.4 da Ordenanza Fiscal núm. 24. Exp. 2024/S001/000003.

4º. Ditame sobre aprobación do POS+Adicional 1/2024 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2024. Exp. 2024/A002/000002.

5º. Proposta de ditame sobre aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2024. Exp. 2024/A008/000015.

B) Sección de control

6º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

7º. Dación de conta expresa dos seguintes acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local:

- Bonificación dunha porcentaxe do IBI e declaración de interese xeral de inmobles onde se desenvolven actividades agrarias e gandeiras conforme ao establecido no art. 5 da Ordenanza Fiscal núm. 8, reguladora do imposto de bens inmobles, ano 2023.
- Solicitud de prórroga do contrato do servizo de axuda no fogar.

8º. Mocións de urxencia.

9º. Rogos e preguntas.

A continuación comeza o debate plenario da orde do día:



A) Sección resolutiva

1º. Aprobación das actas das sesións ordinaria e extraordinaria celebradas o 29 de novembro de 2023 e 23 de xaneiro de 2024.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Sra. alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación ás citadas actas.

Ao non manifestar ningunha observación sobre as mesmas, quedan aprobadas por unanimidade dos presentes, as actas das sesións celebradas o 29 de novembro de 2023 e do 23 de xaneiro de 2024.

2º. Ditame sobre aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos do ano 2024. Exp. 2024/X999/000012

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión de Contas, Facenda e Orzamentos o 5 de febreiro de 2024, que se reproduce a continuación:

"2. Proposta de ditame sobre aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos do ano 2024. Exp. 2024/X999/000012

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 31 de xaneiro de 2024, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: Aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos do ano 2024

Expte Tedec: 2024/X999/000012

Vista a **relación contable H/2023/2**, con data de entrada no ano 2023, con importe imputable ao orzamento que ascende a **620.472,75 €** e que se xuntan como Anexo ao expediente, polos conceptos sinalados nas mesmas.

Emitido informe de Intervención e considerando o establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, esta Alcaldía PROPÓN ao Pleno, previo ditame da Comisión de Contas, Facenda, Orzamento e Asuntos Económicos, a adopción do seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de **620.472,75 €** a favor dos terceiros que figuran da documentación anexa, que leva consigo o levantamento do reparo formulado pola Intervención Municipal.



Segundo.- Dar traslado do acordo adoptado no Pleno, ao departamento de servizos económicos para que proceda a contabilización das obrigas recoñecidas con cargo ao orzamento do 2024 e se proceda posteriormente a ordenar o seu pago.

A Alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez."

Sometido o asunto a votación, a Comisión de Contas, Facenda e Orzamentos, por unanimidade dos seus membros presentes, emite ditame favorable á proposta de acordo."

A Alcaldesa-Presidenta explica someramente o contido do ditame.

D. José Manuel Rodríguez Blanco pregunta pregunta de que son as facturas, e se hai reparo por que se emitiu.

Alude a que se as obras non se fan conforme ós proxectos, quizás e que estos non se fan correctamente polos técnicos externos e promove que os fagan o persoal municipal.

D. Benjamín Queiro Pérez coincide co voceiro do Grupo Mixto-PP.

A Alcaldesa-Presidenta contesta que o REC deriva de actuacións realizadas no orzamento prorrogado e que por tanto, os créditos non son reais,
Fai referencia a que a liquidación das obras públicas, o 10 % e sobre as unidades previstas, non sobre o prezo da unidade e non é un reformado, estando prevista e permitida legalmente. Continúa dicindo que non estamos ante sobrecostes por tanto, e que os proxectos non os poden realizar os técnicos municipais dada a carga de traballo.

Pásase a votación do asunto obténdose a aprobación por unanimidade dos membros presentes, quedando por tanto aprobado o ditame.

3º. Ditame sobre liquidación definitiva correspondente ao exercicio 2023 do contrato de xestión dos servizos municipais de vivenda comunitaria, centro de día, escola infantil, comedor e lavandería sobre rodas, e modificación do artigo 7.4 da Ordenanza Fiscal núm. 24. Exp. 2024/S001/000003

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión de Contas, Facenda e Orzamentos, o 5 de febreiro de 2024, que se reproduce a continuación:

"1. Proposta de ditame sobre liquidación definitiva correspondente ao exercicio 2023 do contrato de xestión dos servizos municipais de vivenda comunitaria, centro de día, escola infantil, comedor e lavandería sobre rodas, e modificación do artigo 7.4 da Ordenanza Fiscal núm. 24. Exp. 2024/S001/000003

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 26 de xaneiro de 2024, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA PARA O PLENO

Praza do Concello, nº 6
15129 – Vimianzo (A Coruña)

Tel. 981716001
Fax 981716650

correo@vimianzo.gal
www.vimianzo.gal



ASUNTO: LIQUIDACIÓN DEFINITIVA CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2023 DO CONTRATO DE XESTIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS DE VIVENDA COMUNITARIA, CENTRO DE DÍA, ESCOLA INFANTIL E COMEDOR E LAVANDERÍA SOBRE RODAS E MODIFICACIÓN DO ARTIGO 7.4 DA ORDENANZA FISCAL Nº 24.

Visto os escritos do Grupo Reactada de liquidación definitiva do exercicio 2023, en relación co contrato de xestión de servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día e comedor e lavandería sobre rodas.

Vistos os informes de Intervención e departamento de servizos sociais.

Esta liquidación ascende a un total de **580.365,61€**, dos que se atopan pendente a contía de **131.802,03 €**. Do importe da liquidación hai que descontar o canon a favor do Concello por importe de **21.182,22 €** que debe de ser aboado polo contratista. Polo tanto a cantidade a aboar o Grupo Reacteda SL ascende a **un total de 110.619,81 €**.

Dado que a variación do IPC de novembro de 2022 a novembro de 2023 de acordo co INE, foi un 3,2 %, o canon a pagar pola empresa no exercicio 2024 será de **21.860,05 euros**.

De acordo co prego de cláusulas económico administrativas e prescricións técnicas reitoras desta xestión de servizos e cláusula sexta do contrato administrativo os prezos de servizo e praza, vixentes para o exercicio 2023, unha vez aplicada a variación do IPC, serán os seguintes:

Prezos ano 2024 IPC 3.2%

	2023	2024
VIVENDA	1.761,23 €	1.817,59 €
ESCOLA	507,68 €	523,93 €
COMEDOR	10,71 €	11,05 €
LAVANDERIA	4,49 €	4,63 €
CANON	21.182,22 €	21.860,05 €

De acordo co prego de cláusulas económico administrativas e prescricións técnicas reitoras desta xestión de servizos os pagos a conta para o exercicio 2023 será o 90% da liquidación definitiva que importan un total de **522.329,05 euros**.

Esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación definitiva do exercicio 2023, que supón un custo total para o Concello de 580.365,61€, euros, quedando pendente de pagamento 131.802,03 euros, que descontado o canon sería de 110.619,81 €.

SEGUNDO.- Para este exercicio 2024, a vista da vixencia do contrato, e de acordo co establecido no contrato de xestión de servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, centro de día e comedor e lavandería sobre rodas e de forma específica para este exercicio, os pagos a conta serán de 522.329,05 euros. Os pagos a conta terán o seguinte detalle:

Pagos a conta 2024

Pagos a conta 90% = 522.329,05 €	
Xaneiro	37.857,75 €
Feb-Dec	44.042,85 €

TERCEIRO.- Que o canon para o ano 2024, que deberá aboar a empresa Grupo Reacteda, S.L. polo uso dos locais para a prestación dos ditos servizos, ascende á contía de **21.860,05 euros** que será deducido da liquidación definitiva do exercicio 2024.

CUARTO.- Aprobar a modificación do artigo 7.4 da Ordenanza fiscal núm. 24 reguladora da taxa pola prestación dos servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, escola infantil, comedor sobre rodas e lavandería sobre rodas, co seguinte texto proposto:

7.4. A cota tributaria pola prestación do servizo de lavandería e comedor sobre rodas determínase consonte coa seguinte tarifa:

PREZO SERVIZO

Ingresos (Renda per cápita)	Comedor (€)	Lavandería (€)
Menores ou iguais á PNC	1,43	0,44
Maiores á PNC e menores ou iguais ao SMI	2,82	0,71
Maiores ao SMI e menores ou iguais ao dobre do SMI	4,28	0,88
Maiores ao dobre do SMI e menores ou iguais ao triplo do SMI	5,67	1,15
Maiores ao triplo do SMI	7,11	1,44

A estes prezos hai que engadirlle un custo de **2,12 €** por día para o transporte se este fose necesario.

7.5. As tarifas numéricas sinaladas no caso dos servizos de comedor, lavandería sobre rodas, e para a parte da cota referida ao transporte no caso do centro de día, serán actualizadas anualmente conforme ás fluctuacións que experimente o IPC anual a 30 de novembro do anterior, procedéndose a modificar a presente ordenanza fiscal de acordo co procedemento regulado nos artigos 17 e seguintes do TRLRFL.



Esta revisión empezará a aplicarse para o exercicio 2007 tendo en conta o IPC de decembro 2005 a novembro de 2006.”

QUINTO.– Expoñer ao público dito expediente durante trinta días, mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos.

SEXTO.– Aprobar, con carácter definitivo; o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública.

SÉTIMO.– Publicar, unha vez aprobada a modificación; o acordo definitivo da aprobación da modificación así como o texto íntegro da modificación da Ordenanza fiscal núm. 24 no Boletín Oficial da Provincia.”

Vimianzo, coa data da sinatura dixital

A Alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez”

Sometido o asunto a votación, a Comisión de Contas, Facenda e Orzamentos, por unanimidade dos seus membros presentes, emite ditame favorable á proposta de acordo.”

A Alcaldesa-Presidenta explica o aumento extraordinario do coste do servizo, e fai un chamamento á Xunta de Galicia co fin de que atenda as súas competencias para desfogar ós concellos.

D. Jose Manuel Rodríguez Blanco pregunta cales son esas competencias que non cumpre e como está o asunto do centro de día municipal.

D. Benjamín Queiro Pérez refírese de novo á posibilidade de adherirse ás Galescolas.

A Alcaldesa-Presidenta reitera a agonía económica que xenera este servizo, e agradece a axuda da Deputación. Alude a que a competencia de dependencia é da Xunta de Galicia e que en 4 anos aumentouse o custo máis de 600.000 euros que son financiados con recursos propios municipais xunto cos 84.000 euros da deputación e 33.000 euros da Xunta de Galicia.

Continúa facendo a mesma reflexión respecto o servizo de lavandería, comedor, escola....e dí que non piden a galiña azul porque o servizo que da en relación a horarios, transporte, comedor....está moi por debaixo do que se presta dende o municipio e de feito, esa é a razón de que haxa tanta demanda e lista de agarda cando se abre a matrícula.

Recorda que paradóxicamente, a Xunta de Galicia paga íntegramente as escolas infantís privadas, pero nas públicas municipais, únicamente subvenciona o que pagan os pais, reducíuse o financiamento de mantemento aumentando simultaneamente o custe dos pais.



D. Benjamín Queiro Pérez incide no acordo de 50 plazas do Centro de Día coa Xunta de Galicia e que é certo que as arcas están afogadas debendo aliviar a carga dos servizos sociais e facelos máis competitivos, con entre outras, facer compatible o servizo da galiña azul co servizo municipal chegando a un acordo neste senso.

A Alcaldesa-Presidenta confirma que foi sangrante a supresión do centro de día, e que se solicitou que galiña azul no seu día con resposta negativa, e á vista das súas condicións decidíuse renunciar a volver a pedir xa que vai en contra da conciliación.

Reprocha ó voceiro do BNG que fale de competitividade porque non se poden reducir listas do SAF, hai que buscar conciliación, non competición.

D. Benjamin Queiro Pérez dí que nunca falou de quitar horas, únicamente buscou fórmulas para aforrar gastos.

Pásase a votación do asunto obténdose a aprobación por unanimidade dos membros presentes, quedando por tanto aprobado o ditame.

4º. Ditame sobre aprobación do POS+Adicional 1/2024 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2024. Exp. 2024/A002/000002

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión de Benestar Social, o 5 de febreiro de 2024, que se reproduce a continuación:

"1. Proposta de ditame sobre aprobación do POS+Adicional 1/2024 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2024. Exp. 2024/A002/000002

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 31 de xaneiro de 2024, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DO POS+ADICIONAL 1/2024 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DO EXERCICIO 2024. EXP. 2024/A002/000002

Tendo en conta a circular sobre POS+Adicional 1/2024 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2024 (RE 202300000005137 de 07/12/2023) no que comunican que a cantidade total asignada ao Concello de Vimianzo ascende a 107.791,94 € euros e as bases publicadas no BOP núm. 227 de data 28/11/2023, esta Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación, previo ditame preceptivo da comisión informativa de benestar social, a seguinte proposta de ditame:

1.- "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **"POS+ADICIONAL 1/2024**, da Deputación Provincial da Coruña, **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se

detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2024	107,791,94 € €
---	----------------

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024 GASTO CORRENTE	PREVISIÓN DE GASTOS 2024(A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (C=A-B)	PREVISION DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICION AL 2024 (D)	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO (E=C-D)
a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables. O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores e/ou dependentes, persoas con diversidade funcional, persoas con enfermidade mental, persoas con adiccións, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero e					

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024 GASTO CORRENTE	PREVISIÓN DE GASTOS 2024(A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (C=A-B)	PREVISION DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICION AL 2024 (D)	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO (E=C-D)
aquelas persoas en risco de exclusión social, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais. As axudas en especie para alimentación e educación, consideraranse gasto corrente, sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €					
c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc. O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPSS. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.	850.000 €	547.000 €	303.000 €	107.791,94 €	195.208,06 €
d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais					

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024 GASTO CORRENTE	PREVISIÓN DE GASTOS 2024(A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (C=A-B)	PREVISION DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICION AL 2024 (D)	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO (E=C-D)
dos servizos sociais comunitarios.					
e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar, que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais					
f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas					
g) Aluguer de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.					

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024 GASTO CORRENTE	PREVISIÓN DE GASTOS 2024(A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (C=A-B)	PREVISION DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICION AL 2024 (D)	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO (E=C-D)
h) Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás persoas consumidoras vulnerables que cumpran os requisitos na base 12.1.h.					
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	850.000 €	547.000 €	303.000 €	107.791,94 €	195.208,06 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2024 INVESTIMENTO	PREVISIÓN DE GASTOS 2024 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (C=A-B)	PREVISION DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO (E=C- D)
i) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades: camas, cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.					
j) Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais					

e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais					
TOTAL DE GASTOS DE INVESTIMENTO					

	PREVISIÓN DE GASTOS 2024	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	PREVISION DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONAL 2024	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023	850.000 €	547.000 €	303.000 €	107.791,94 €	195.208,06 €

I.IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRENTES	107.791,94 €
II.IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento técnico asistencial para cesión (i)	0,00 €
III.IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento para o desenvolvemento dos servizos sociais municipais (j)	0,00€
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL (I+II+III)	107.791,94 €

2.- Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos subvencionados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais.

3.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

O que asino en Vimianzo,

A Alcaldía
Mónica Rodríguez Ordóñez
(documento asinado electrónicamente)”

Sometido o asunto a votación, a Comisión informativa de Benestar Social, por unanimidade dos seus membros presentes, emite ditame favorable á proposta de acordo.”

A Alcaldesa-Presidenta explica brevemente o contido.



Pásase a votación do asunto obténdose a aprobación por unanimidade dos membros presentes, quedando por tanto aprobado o ditame.

5º. Ditame sobre aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2024. Exp. 2024/A008/000015

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión de Obras e Urbanismo, o 5 de febreiro de 2024, que se reproduce a continuación:

“1. Proposta de ditame sobre aprobación do Plen provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2024. Exp. 2024/a008/000015

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 31 de xaneiro de 2024, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (Plan único de concellos) POS+2024. EXP.202/A008/000015.

Tendo en conta as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2024” da Deputación Provincial da Coruña, publicadas no BOP nº 227 do 28 de novembro de 2023, así como a circular sobre a aprobación das bases reguladoras do dito plan (RE 202300000005009 , de 28/11/2023), no que comunican que a cantidade total asignada ao Concello de Vimianzo ascende 669.849,91 euros (achega provincial 2022 e 2023), esta Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación, previo ditame preceptivo da comisión informativa de obras e urbanismo, a seguinte proposta de ditame:

“1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2024”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á “achega provincial 2024” e con cargo á “achega provincial 2023”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2024:

	Deputación
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	0,00 €
Achega provincial 2023 (Excepción da base 2.1 final)	0,00 €
Subtotal gasto corrente	0,00 €

B) Financiamento de investimentos:

Praza do Concello, nº 6
15129 – Vimianzo (A Coruña)

Tel. 981716001
Fax 981716650

correo@vimianzo.gal
www.vimianzo.gal

ACHEGA PROVINCIAL 2024	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Mellora do viario Treos-Carnio	189.088,77 €	0,00 €	0,00 €	189.088,77 €	189.088,77 €
Pavimentación interior no lugar de A Esquipa do Concello de Vimianzo	188.183,02 €	0,00 €	0,00 €	188.183,02 €	188.183,02 €
Subtotal investimentos achega provincial 2024	377.271,79 €	0,00 €	0,00 €	377.271,79 €	377.271,79 €

ACHEGA PROVINCIAL 2023 (Investimentos financeiramente sostíbeis)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Arranxo do pavimento interior no lugar de Xora do concello de Vimianzo	152.150,83 €	11.091,40 €	0,00 €	163.242,23 €	163.242,23 €
Pavimentación interior no lugar de Santa Cristiña do concello de Vimianzo	85.408,29 €	0,00 €	0,00 €	85.408,29 €	85.408,29 €
Mellora de viario en A Costa (Torelo)	55.019,00 €	0,00 €	0,00 €	55.019,00 €	55.019,00 €
Subtotal investimentos achega provincial 2023	292.578,12 €	11.091,40 €	0,00 €	303.669,52 €	303.669,52 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Redución da débeda do concello coa deputación (préstamo provincial)	Deputación
Achega provincial 2024 aplicada á redución da débeda	0,00 €
Achega provincial 2023 aplicada á redución da débeda	0,00 €
Subtotal redución da débeda do concello coa deputación	0,00 €

D) Resumo:

	Concello
--	----------

POS+ 2024 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)	Total concello	Orzamento Total
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2024	0,00 €				0,00 €
	Achega 2023 (Excep. base 2.1)	0,00 €				0,00 €
B- INVESTIMENTOS	Achega 2024	377.271,79 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	377.271,79 €
	Achega 2023	292.578,12 €	11.091,40 €	0,00 €	11.091,40 €	303.669,52 €
C- REDUCCIÓN DA DÉBIDA DO CONCELLO COA DEPUTACIÓN	Achega 2024	0,00 €				0,00 €
	Achega 2023	0,00 €				0,00 €
D- TOTAL	Achega 2024	377.271,79 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	377.271,79 €
	Achega 2023	292.578,12 €	11.091,40 €	0,00 €	11.091,40 €	303.669,52 €
	TOTAL	669.849,91 €	11.091,40 €	0,00 €	11.091,40 €	680.941,31 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2024 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total da achega provincial asignada: 2024+2023)	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	(C)=A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)
Pavimentación de viarios en Sansobre	170.610,96 €	0,00 €	170.610,96 €
TOTAIS	170.610,96 €	0,00 €	170.610,96 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto e/ou se esta tramitando todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.



4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2024 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

O que asina en Vimianzo,
A alcaldesa,
Mónica Rodríguez Ordoñez
(documento asinado electrónicamente)"

Sometida a votación do asunto, a Comisión de Obras e Urbanismo, por unanimidade dos membros presentes, emite ditame favorable a proposta de acordo."

A Alcaldesa-Presidenta explica e fai referencia ás principais obras do plan.

D. Benjamín Queiro Pérez alude á necesidade de deixar feitas as canalizacións para non ter que levantar de novo o pavimento no caso de obras deste tipo.

A Alcaldesa-Presidenta contesta que a canalización vai sempre, e que as obras se fan por fases para atender a tódalas parroquias xa que se se fixeran íntegramente a totalidade do POS íría a unha única obra.

Pásase a votación do asunto obténdose a aprobación por unanimidade dos seus membros presentes, quedando por tanto aprobado o ditame.

B) Sección de control

Praza do Concello, nº 6
15129 – Vimianzo (A Coruña)

Tel. 981716001
Fax 981716650

correo@vimianzo.gal
www.vimianzo.gal



6º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

O Secretario dá conta dos números de Resolución da Alcaldía adoptadas dende o día 27-11-2023 con número 1656/2023 ata o día 05-02-2024 con número 106/2024.

O Pleno do Concello douse por enterado.

7º. Dación de conta expresa dos seguintes acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local:

7.1. Bonificación dunha porcentaxe do IBI e declaración de interese xeral de inmoables onde se desenvolven actividades agrarias e gandeiras conforme ao establecido no art. 5 da Ordenanza Fiscal núm. 8, reguladora do imposto de bens inmoables, ano 2023.

O secretario dá conta do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na sesión do 27 de decembro de 2023, referente á proposta de bonificación dunha porcentaxe do IBI e declaración de interese xeral de inmoables onde se desenvolven actividades agrarias e gandeiras conforme ao establecido no artigo 5 da Ordenanza Fiscal núm. 8, reguladora do imposto de bens inmoables. Ano 2023, que dí o seguinte:

"1º.- Proposta de acordo sobre bonificación dunha porcentaxe do IBI e declaración de interese xeral de inmoables onde se desenvolven actividades agrarias e gandeiras conforme ao establecido no art. 5 da Ordenanza Fiscal núm. 8, reguladora do imposto de bens inmoables. Ano 2023

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 21 de decembro de 2023, que foi informada pola Comisión de Asuntos Xerais do 27 de decembro de 2023 e que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DE ACORDO:

ASUNTO: PROPOSTA DE BONIFICACIÓN DUNHA PORCENTAXE DO IBI E DECLARACIÓN DE INTERESE XERAL DE INMOABLES ONDE SE DESENVOLVEN ACTIVIDADES AGRARIAS E GANDEIRAS CONFORME AO ESTABLECIDO ARTIGO 5 NA ORDENANZA FISCAL NÚM. 8 REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOABLES- ANO 2023.

Expte.: 2023/X999/0002028

Vistas as solicitudes de bonificación do porcentaxe da cota íntegra do IBI dos inmoables onde se desenvolven actividades agrarias e gandeiras ou relacionadas e complementarias das mesmas presentadas polas persoas que exercen a dita actividade.

Visto o informe emitido polo axente de desenvolvemento rural deste Concello, Evaristo Suárez Corzón, de data de 18 de decembro do 2023

Tendo en conta o establecido no artigo 5 da Ordenanza Fiscal nº 8, reguladora do imposto sobre bens inmoables, que di o seguinte: "(...) Gozarán dunha bonificación do 95 por cento da cota íntegra do imposto, aqueles inmoables nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolvan total e exclusivamente actividades agrarias, gandeiras ou forestais pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.

No suposto que nun mesmo inmoable existan, ademais das construcións indicadas no parágrafo anterior, outras construcións destinadas a un uso relacionado e complementario das actividades agrarias, gandeiras ou forestais, aplicaráselle unha bonificación do 75 por cento da cota íntegra do imposto. Se nese mesmo

Praza do Concello, nº 6
15129 - Vimianzo (A Coruña)

Tel. 981716001
Fax 981716650

correo@vimianzo.gal
www.vimianzo.gal



inmable se desenvolve unha actividade económica distinta á agraria, gandeira ou forestal non se poderá conceder bonificación algunha. (...) Gozarán dunha bonificación do 95 por cento da cota íntegra do imposto, aqueles inmobles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolvan total e exclusivamente actividades agrarias, gandeiras ou forestais pertencentes ao sector primario, que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.

No suposto que nun mesmo inmable existan, ademais das construcións indicadas no parágrafo anterior, outras construcións destinadas a un uso relacionado e complementario das actividades agrarias, gandeiras ou forestais, aplicaráselle unha bonificación do 75 por cento da cota íntegra do imposto. Se nese mesmo inmable se desenvolve unha actividade económica distinta á agraria, gandeira ou forestal non se poderá conceder bonificación algunha. (...) A bonificación terá carácter rogado, debendo ser presentada polo suxeito pasivo, e surtirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao de presentación de solicitude. (...)”. *A bonificación será aprobada, no seu caso, pola Xunta de Goberno Local (por delegación do Pleno) previo informe técnico.*”

Considerando o disposto en canto á delegación de competencias nos artigos 23.2 b) da LBRL e 53.2 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro; e o dito artigo 5 da Ordenanza Fiscal nº 8.

Considerando a atribución concedida á Alcaldesa no artigo artigo 74 do T.R.L.H. (Texto refundido de lei reguladora de facendas locais), R.D. 2/2004 de 5 de marzo.

Proponse a Xunta de Goberno Local o seguinte Acordo:

PRIMEIRO.- Declarar un especial interese municipal aos inmobles coas referencias catastrais que se indican, onde se veñen desenvolvendo actividades agrarias e gandeiras, por existir circunstancias sociais que xustifican tal declaración.

PROPIETARIOS CATASTRAIS	REFERENCIA CATASTRAL
Manuel Ameixeiras Lavandeira	15093A503003400001QA
José Ameijeiras Ordoñez	15093A503050480000ME
José Ameijeiras Ordoñez	15093A503050450000MX
Francisco Manuel Oreiro Arjomil	15093A042000530001WA
Herdeiros de Carmen García Caamaño	15093B507004460001KF
Titor legal de Hermosinda Rodríguez Antelo	15093A057001410000QZ
María Belén Martínez Bouzon e Daniel Pérez Martínez	15093A059001920000QU
Hermosinda López Amado	15093B504003190001KP
María José Rodríguez Arias	15093B507004520001KK,
Isabel Pereiro Rodríguez	15093A057001440000QW
Ramiro Busto Busto e María Alcira Corzón Lavandeira	15093A503002150001QQ 15093A503002150000MM
Digna López Busto	15093B504002750000JW

Celestino Pose Miñones e María Encarnación Velasco Zúñiga	15093A063002760000QT 15093A503008680000MZ 15093A503008680001QX
Ganaderia "os Loureiros S.l"	15093A009004080000QH
Herdeiros de Carmen Busto Pereiro	15094A503002160000MO
Dolores Rial Suarez	15093C505050320000AI
Esperanza Mourelle Calo e Faustino Rial Suarez	15093C505003340001SF

SEGUNDO.- Outorgar unha bonificación do 95 % da cota íntegra do IBI para os seguintes inmobles por desenvolver neles total e exclusivamente actividades agrarias, gandeiras ou forestais pertencentes ao sector primario nos que se desenvolven actividades agrarias e gandeiras:

REFERENCIA CATASTRAL
15093A503003400001QA
15093A042000530001WA
15093B507004460001KF
15093A057001410000QZ
15093B507004520001KK
15093A503002150001QQ
15093A503002150000MM
15093B504002750000JW
15094A503002160000MO
15093A063002760000QT
15093A503008680000MZ
15093A503008680001QX
15093A009004080000QH
15094A503002160000MO



TERCEIRO.- Outorgar unha bonificación do 75 % da cota íntegra do IBI para os seguintes inmobles por desenvolver neles actividades agrarias, gandeiras ou forestais pertencentes ao sector primario e outras relacionado e complementarias as mesmas:

REFERENCIA CATASTRAL
15093A503050480000ME
15093A503050450000MX
15093B504003190001KP
15093A057001440000QW
15093C505050320000AI
15093C505003340001SF

CUARTO.- Notificar este acordo aos solicitantes e dar traslado á Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e para os efectos oportunos.

QUINTO.- Dar conta expresa deste acordo na vindeira sesión plenaria ordinaria que se celebre.

O que asino en Vimianzo,
A alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.”

O Pleno do Concello douse por enterado.

7.2. Solicitude de prórroga do contrato do servizo de axuda no fogar.

O secretaría dá conta do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na sesión do 18 de decembro de 2023, referente á proposta de acordo sobre asunto delegado polo Pleno do Concello ao respecto da solicitude de prórroga do contrato do servizo de axuda no fogar, que dí o seguinte:

“5.1. Proposta de acordo sobre asunto delegado polo Pleno do Concello ao respecto da solicitude de prórroga do contrato do servizo de axuda no fogar. Exp. 2021/C004/000002.

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 13 de decembro de 2023, que foi informada pola Comisión de Benestar Social en sesión celebrada o 18 de decembro de 2023, que se reproduce a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: solicitude de prórroga do contrato do servizo de axuda no fogar. Expediente TEDeC 2021/C004/000002.



Vista a solicitude con RE 202399900002013, de 10/11/2023, presentada polo representante da empresa Mayores Servicios Sociales,S.L., solicitando a prórroga dun ano do contrato do servizo do fogar que ten suscrito con este concello.

Tendo en conta que en data 15/11/2021, se formalizou coa empresa Mayores Servicios Sociales,S.L., con CIF B15856941, o contrato do servizo de axuda no fogar do concello de Vimianzo, cunha duración de dous anos, con posibilidade de prorrogalo por outros dous máis.
O dito prazo, segundo o establecido na cláusula 9ª do PCAP compútase dende o día seguinte ao da formalización do contrato, rematando o día 16/11/2023.

Visto o informe emitido polo interventor municipal en data 28/11/2023, respecto da solicitude de prórroga no que conclúe: "(...)Emítese informe de reparo por:

- Falta de crédito suficiente e adecuado para facer fronte a prórroga, por un ano, do contrato de servizo de axuda no fogar..

Este requisito e declaro esencial polo ACM 2018.

O reparo pola emisión dos requisitos esenciais determina a suspensión do expediente en aplicación do artigo 216.2 c). do TRLRFL e 12.2 do RD 424/2017.

Se non se acepta o reparo formulado polo órgano Interventor, plantexará a Presidencia da Entidade Local unha discrepancia no prazo de 15 días.

A discrepancia deberase motivar por escrito, con cita dos preceptos legais nos que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia, poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia, en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente o, no seu caso, a motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control.

A resolución da discrepancia por parte da Presidencia da Entidade Local ou o Pleno será indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días e terá natureza executiva.

A Presidencia da Entidade Local e o Pleno, a través do citado Presidente/a, previamente a resolución da discrepancia, poderán elevar resolución das discrepancias ao órgano de control competente por razón da materia da Administración que teña atribuída a tutela financeira.

Cando as resolucións e acordos adoptados por la Entidade Local sexan contrarios o sentido do informe do órgano Interventor, incluírase nos informes seguintes:

- *Con ocasión da dación de conta la liquidación do Orzamento ao Pleno, no informe anual de todas as resolucións adoptadas pola Presidencia da Entidade Local contrarias aos reparos efectuados.*

Unha vez informado o Pleno da Entidade Local, con ocasión da conta Xeral, o órgano Interventor remitirá anualmente, ao Tribunal de Contas, e no seu caso, ao órgano de control externo autonómico (Consello de Contas), tódalas resolucións e acordos adoptados pola Presidencia da Entidade Local e polo Pleno da Corporación contrarios ao reparos formulados, e no seu caso, a opinión do órgano competente da Administración que ostente a tutela financeira. (...)"

Tamén consta no expediente, informe emitido polo secretario municipal, en data 05/12/2023, que sinala:
"INFORME XURÍDICO:



ASUNTO: CONTINUACIÓN DO SERVIZO DO SAF.

EXPTE: 2021/C004/000002.

Emítese o presente informe por ser preceptivo en relación con este asunto conforme a Disposición Adicional 3.8 da LCSP en relación co artigo 3 do Real Decreto 128/2018 de 16 de marzo e artigo 54 do TRRL entre outros.

Lexislación aplicable:

1. - Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo de 26 de febrero de 2014 sobre Contratación Pública y por la que se deroga la Directiva 2004/18/CE.
- - Reglamento de Ejecución (UE) 2016/7 de la Comisión, de 5 de enero de 2016, por el que se establece el formulario normalizado del documento europeo único de contratación.
- E) - Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público -LCSP 2017-.
- - Real Decreto 1098/2001, de 12 de octubre, por el que se aprueba el Reglamento General de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas -RGLCAP-.
- Ley 7/85 de 2 de abril – LBRL-.
- Real Decreto Legislativo 2/2000 de 16 de xuño – TRLCAP-.
- Lei 13/2008 de 3 de decembro- LSSG-.

Antecedentes de feito:

- O 15 de novembro de 2021 formalizase o contrato referido no título deste informe entre o concello de Vimianzo e a empresa adxudicataria cun prazo de duración de dous anos susceptible de dúas prórrogas dun ano cada una.

O prazo de duración compútase segundo a cláusula 9ª do PCAP dende o día seguinte ó da formalización, finalizando por tanto o 16 de novembro de 2023.

- Dito contrato conforme o PCAP que rexen o mesmo, establece na súa cláusula 9ª a posibilidade da súa prórroga nos termos dispostos no artigo 29.4 da LCSP.

- O 10 de novembro de 2023 a empresa contratista solicita a dita prórroga.

- O 13 de novembro de 2023 a responsable do contrato informa favorablemente dita prórroga.

- Consta informe de reparo suspensivo da intervención local, por non ser posible a modificación do contrato por incorporación de novos usuarios e incremento do prezo por riba da modificación convencional contemplada na cláusula 21 do PCAP, e falta de xustificación das modificacións legais enumeradas no artigo 205 da LCSP, concluíndo:

Emítese informe de reparo por: Falta de crédito suficiente e adecuado para facer fronte a prorroga, por un ano, do contrato de servizo de axuda no fogar.. Este requisito e declaro esencial polo ACM 2018. O reparo pola emisión dos requisitos esenciais determina a suspensión do expediente en aplicación do artigo 216.2 c). do TRLRFL e 12.2 do RD 424/2017.

Praza do Concello, nº 6
15129 – Vimianzo (A Coruña)

Tel. 981716001
Fax 981716650

correo@vimianzo.gal
www.vimianzo.gal



Emítese o presente informe á vista das funcións atribuídas e citadas anteriormente a esta secretaría, así como por petición oral de alcaldía, todo elo conforme ó artigo 36.2 da LPAC; 54 do TRRL e 173 do ROF.

Consideracións xurídicas:

PRIMEIRA.- Plántexase por Alcaldía a continuidade do servizo do SAF, unha vez emitido o informe de reparo suspensivo, namentres non se licite e formalice un novo contrato administrativo.

Neste senso, desde un punto de vista sustantivo, atopámonos ante unha situación que non por ser habitual, deixa de ser excepcional conforme á normativa de aplicación, xa que da propia experiencia en diferentes concellos, este tipo de contratos de servizos considerados esenciais de facto, préstanse en moitos casos de xeito precario dada a complexidade da súa licitación e o aumento exponencial de usuarios, que fai de imposible execución os mesmos ó exceder das previsións modificativas, pacta sunt servanda, antes da finalización do prazo de duración.

Así xurden as figuras de configuración jurisprudencial e doctrinal, do enriquecemento inxusto e o principio de continuidade do servizo, tendo en conta a casuística do servizo en cuestión que como se expoñerá está ligado á dignidade humana e ó sistema de galego de benestar.

En todo caso, esta situación, xa debería ser coñecida pola responsable do contrato, xa que dende o ano 2021 no que se modificou o mesmo nun 20% do prezo de licitación, aumentou exponencialmente dita cuantía incurrindo en causa de resolución dacordo ós PCAP, o que conlevaría a correcta proposta de resolución nos termos previstos no artigo 211 e 213 da LCSP, e a continuidade do servizo ata a formalización de novo contrato por grave transtorno do servizo público.

Non adoptada esta actuación, chegamos ó fin da duración do contrato, 16 de novembro de 2023, susceptible de prorrogarse, prórroga rogada que é obxecto de reparo suspensivo por parte da Intervención municipal.

Isto conlevaría dous alternativas procedimentales:

- Ou ben, discrepar de dito reparo, resolvendo de xeito delegado a XGL da corporación, continuando coa tramitación da prórroga do contrato, que unha vez adoptada debería ser obxecto de resolución polas causas e coas consecuencias expostas brevemente.

- Ou ben, considerar finalizado o contrato, extinto o mesmo por terminación do prazo de duración, o que non esixiría como así traslada o artigo 210.2 da LCSP, un acto formal de recepción o conformidade, pois non estamos ante un contrato de resultado, senón ante un contrato de tracto sucesivo, vinculado a un prazo de duración e non de execución, diferenza sutil xa que o artigo 29 da LCSP fai alusión o primeiro mentres que para as obras e a demora susceptible de penalización, faise alusión ó prazo de execución.

Neste caso, o servizo continuaría prestándose en precario como explicarei a continuación, facendo partícipe á empresa contratista, que deberá continuar co mesmo nas condicións pactadas ata a formalización dun novo contrato.

SEGUNDA.- En puridade, estaríamos ante unha causa de nulidade prevista no artigo 39 da LCSP, xa que pasaríamo a unha especie de prórroga forzosa tácita, unha contratación verbal proscriba polo artigo 37 desta norma para os contratos administrativos.

Mais como xa adiantei, por desgracia estamos ante situación habituais para este tipo de contratos, no que prima o interese público da continuación da súa prestación fronte a aspectos burocráticos, sen perxuízo da necesidade de regularizar canto antes esta situación irregular para garantía dos administrados e contratistas.



O lexislador, sendo coñecedor desta diatriba, xa no artigo 128.1.1º do RSCL, para contratos de concesión de servizo público, aplicando a analoxía a este caso ex. Art. 4 do CC, sinalaba como obrigación do concesionario do servizo, a de:

Prestar el servicio del modo dispuesto en la concesión u ordenado posteriormente por la Corporación concedente, incluso en el caso de que circunstancias sobrevenidas e imprevisibles ocasionaren una subversión en la economía de la concesión, y sin más interrupciones que las que se habrían producido en el supuesto de gestión directa municipal o provincial .

No mesmo senso, o artigo 218 do xa derogado Decreto 3410/1975 de 25 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Contratación do Estado, impoñía ó empresario a obriga de “prestar el servicio con la continuidad convenida”, de tal modo que o artigo 56 do hoxe derogado Decreto de 9 de xaneiro de 1953, polo que se aproba o Reglamento de Contratación de las Corporaciones Locales, afirmaba que “por ningún motivo, ni aún por demora en el pago, podrá el contratista interrumpir el cumplimiento del contrato”, dispoñendo o artigo 59 que “los contratos referentes a servicios o suministros que tengan por objeto atender necesidades permanentes podrán ser prorrogados en su término final por la Corporación, obligatoriamente para el contratista, hasta que realizadas dos subastas consecutivas o un concurso, según procediere, se encuentre aquélla, a falta de licitador, en las condiciones eximentes de ambas formas de contratación. Esta prórroga se extenderá hasta que el nuevo contratista se haga cargo del servicio o la Corporación interesada comience a prestarlo por administración sin que pueda exceder en ningún caso de seis meses”.

Máis recentemente, tanto o artigo 35.2 do derogado TRLCSP, de xeito similar ó actual 42.3 da LCSP, dispoñía que:

Si la declaración administrativa de nulidad de un contrato produjese un grave trastorno al servicio público, podrá disponerse en el mismo acuerdo la continuación de los efectos de aquel y bajo sus mismas cláusulas, hasta que se adopten las medidas urgentes para evitar el perjuicio.

O mesmo espírito subxace na redacción do artigo 213.6 da LCSP, en relación coa resolución do contrato, por determinadas causas.

Desde o punto de vista xurisprudencial podemos facer referencia á STS de 1 de decembro de 1998, que considera, que el hecho de continuarse la prestación del servicio por exigencias de la continuidad del mismo y hasta la adjudicación que se hiciera a través de nueva licitación, no supondría una tácita reconducción del contrato.

Sentenza da AN de 21 de maio de 2002 que admite a continuidade do servizo (tal como admite a Comunidade Europea na Comunicación da Comisión 98/c 147/2005) coa empresa que venía prestándoo ata a súa autorización previa convocatoria dunha nova.

A Sentencia del TS de 2 de marzo de 1987, citada no informe 3/2010, de 30 de septiembre, da JCCA de Baleares, que sostíña que:

“...Es por esta concurrencia de intereses que surge la cuestión de la reversión, porque el concesionario tratará de llevarse sus aportaciones y la Administración concedente intentará quedarse con ellas para dar efectividad al principio de continuidad del servicio público en beneficio del interés general; y esta lógica continuidad del servicio rechaza, en principio, la desintegración de sus elementos de prestación porque la Administración habrá de seguir dando el servicio una vez acabada la concesión y para ello necesitará normalmente utilizar los mismos elementos que integran la explotación, ya estuviesen funcionando y adscritos al servicio, ya estuviesen destinados a él.”

Polo tanto, e sempre atendendo a casuística e natureza do contrato en cuestión, servizo esencial e permanente para ó interese xeral, podemos considerar a súa continuación condicionada a unha nova formalización tras licitación, sen que haxa unha previsión normativa de prórroga forzosa pero sí un interese superior para evitar un grave transtorno a dito servizo público.

TERCEIRA.- Así, esta circunstancia excepcional, ha de vincularse a servizos que baixo un prisma de xeral aceptación, sexan indispensables para manter a dignidade das persoas e o seu desenvolto social e vital.

Neste senso, é evidente que este servizo comunitario para o cal o Título VII da LSSG, considera que deberá garantirse por todos os concellos, forma parte do sistema galego de Saúde e é fundamental e esencial para cumprir cos mandatos constitucionais previstos no artigo 9 e 10 da CE.

Este preceptos conceptúan unha serie de valores e mandatos para os poderes públicos, ó manifestar que corresponde a los poderes públicos promover las condiciones para que la libertad y la igualdad del individuo y de los grupos en que se integra sean reales y efectivas; remover los obstáculos que impidan o dificulten su plenitud y facilitar la participación de todos los ciudadanos en la vida política, económica, cultural y social .

E en liña co disposto no art. 25 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, segundo o artigo 10 da CE, la dignidad de la persona, los derechos inviolables que le son inherentes, el libre desarrollo de la personalidad, el respeto a la ley y a los derechos de los demás son fundamento del orden político y de la paz social.

Las normas relativas a los derechos fundamentales y a las libertades que la Constitución reconoce se interpretarán de conformidad con la Declaración Universal de Derechos Humanos y los tratados y acuerdos internacionales sobre las mismas materias ratificados por España.

Por último, co fin de xustificar a continuación en precario deste contrato de servizos, aplicando a analoxía prevista no artigo 42 e 213 da LCSP respecto ós contratos nulos e ás consecuencias das resolucións dos contratos respectivamente, debemos recordar que estamos nun estado social de dereito como promulga o artigo 1.1 da CE, e como tal, ríxese por unha serie de principios rectores previstos no Capítulo III do Título II (39-52), entre os cales, o artigo 48 sinala que los poderes públicos promoverán las condiciones para la participación libre y eficaz de la juventud en el desarrollo político, social, económico y cultural .

E o artigo 50 determina que los poderes públicos garantizarán, mediante pensiones adecuadas y periódicamente actualizadas, la suficiencia económica a los ciudadanos durante la tercera edad. Asimismo, y con independencia de las obligaciones familiares, promoverán su bienestar mediante un sistema de servicios sociales que atenderán sus problemas específicos de salud, vivienda, cultura y ocio.

CUARTA.- Evidentemente, baixo o prisma da prohibición do enriquecemento inxusto da administración e a compensación polo servizo realizado, o concello ten o deber de facer fronte ás facturas, ó realizarse a prestación dos servizos encargados á empresa.

A este respecto cabe recordar o carácter excepcional que presenta a revisión de oficio de actos nulos de pleno dereito, aínda sendo tal, e nese sentido o artigo 28 do RD 424/2017 de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do Sector Público Local, a efectos da súa proposta por intervención, recorda que para valorar a conveniencia da revisión de oficio, se tendrá en cuenta que el resultado de la revisión del acto se materializará acudiendo a la vía de indemnización de daños y perjuicios derivada de la responsabilidad patrimonial de la Administración como consecuencia de haberse producido un enriquecimiento injusto en su favor o de incumplir la obligación a su cargo, por lo que, por razones de



economía procesal, sólo sería pertinente instar dicha revisión cuando sea presumible que el importe de dichas indemnizaciones fuera inferior al que se propone.

É dicir, que no abono das facturas a presentar pola empresa polos servizos realizados de xeito alegal, remitirase para o seu pago ó procedemento da Omisión da Fiscalización Previa contemplado no artigo 28 do citado regulamento de control interno.

QUINTA- A posibilidade de prórroga foi solicitada pola empresa, de xeito rogado por tanto, non adoptándose acordo algún respecto á mesma, ante o reparo suspensivo de intervención ó aumentar por riba da modificación convencional prevista no contrato, o precio global do mesmo.

Neste senso, sendo público e notorio que non se vai a discrepar nin levantar o citado reparo, non se acordará a prórroga con efectos retroactivos, sendo o silencio da administración negativo á vista do previsto da Disposición Final 4ª.2 da LCSP.

En todo caso, en base ós principios de seguridade xurídica, confianza lexítima e boa fé reiterados no ordeamento xurídico, deberá adoptarse acordo de continuar a prestación do servizo ata nova formalización do mesmo, debendo informar a responsable do contrato sobre a devolución da garantía definitiva nos termos previstos nos PCAP e o artigo 111 da LCSP.

O órgano competente para adoptar este acordo é o órgano de contratación, o Pleno da corporación que ten delegada a competencia en materia de execución do contrato na Xunta de Goberno Local conforme ó artigo 61.2 da LCSP, 51 e 114 e ss. Do ROF.

Neste senso, segundo o artigo 113.1.e) do ROF, sería preceptivo o previo informe da Comisión Informativa correspondente.

Da adopción de dito acordo, deberase dar conta expresa no vindeiro pleno ordinario que se celebre ex art. 115 do ROF.

Conclusión:

Á vista da documentación obrante no expediente e as apreciacións verquidas, infórmase favorablemente a continuación en precario da prestación do servizo do SAF baixo as mesmas cláusulas previstas no contrato de servizos extinto o 16 de novembro de 2023, impulsando simultaneamente a licitación dun novo contrato.

Deberase adoptar acordo polo órgano de contratación nestes termos, sen perxuízo de negociar a continuación da prestación do servizo de forma razonada e razoable ata a formalización dun novo contrato de SAF.

O Secretario

Ante mín, A Alcaldesa

Francisco Javier Novoa Juiz

Mónica Rodríguez Ordóñez"

Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda dous da LCSP, ao respecto das competencias en materia de contratación das entidades locais.

Por todo o exposto, elévase á Xunta de Goberno Local, por delegación plenaria, previo ditame da comisión informativa de benestar social, a seguinte proposta de acordo:



Primeiro.- Denegar a solicitude de prórroga presentada pola empresa Mayores Servicios Sociales, S.L. ao respecto do contrato que ten subscrito co concello de Vimianzo para a prestación do servizo de axuda no fogar do concello de Vimianzo.

Segundo.- Que se leven a cabo os trámites necesarios para iniciar a licitación do referido servizo, sen prexuízo de que se continúe a prestación do servizo nas mesmas condicións que se viña prestando, mentras non se conclúa coa licitación, dado o carácter de servizo esencial e permanente para o interese xeral do servizo público comunitario, obxecto do contrato, co fin de evitar un grave trastorno vital para os destinatarios do mesmo.

Terceiro.- Que pola responsable do contrato se emita informe ao respecto da devolución da garantía presentada pola empresa Mayores Servicios Sociales, S.L., para a formalización do contrato asinado en data 15/11/2021.

Cuarto.- Dar conta desta Resolución á intervención e servizos económicos municipais, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Quinto.- Dar conta expresa na vindeira sesión ordinaria do Pleno do Concello que se celebre.

O que asino en Vimianzo,
A alcaldesa,
Mónica Rodríguez Ordóñez
(documento asinado electrónicamente)"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos."

O Pleno do Concello douse por enterada.

8º. Mocións de urxencia.

Non se presentan.

9º. Rogos e preguntas.

D. José Manuel Rodríguez Blanco pregunta e roga:

- En relación coa obra de Caixa Galicia e do tanatorio S. Vicente, como van.
- Respecto á sinalización da Vía Mariana.
- Pregunta pola Pista de Cabazas.
- Limpar as cunetas e sacar a terra.
- Respecto o problema do Barranco de Baíñas, arranxalo.
- Por último, a cuestión do cruce tanatorio de Baíñas respecto ó aparcamento.

D. Benjamín Queiro Pérez pregunta e roga:

- En relación con dous camiños rurais, o lugar de Campo a Bamiro e Orbellido a Piroga hai que arranxalos por demanda de 15 veciños.



- En relación á obra de urbanización de Braña da Grixá, o proxecto contemplaba a retirada da superficie dos veciños e perderían a súa condición de solar.

O Secretario a petición da Alcaldesa-Presidenta explica aspectos xurídicos da actuación pretendida.

A Alcaldesa-Presidenta responde en relación coa pista de Braña da Grixá, que se levan meses falando cos veciños afectados e que estamos ante unha necesidade da zona, tendo o proxecto unhas alineacións xa previstas nas NNSS.

Vai contestando ó resto das preguntas respecto ás obras públicas que seguen a súa execución prevista e aclara que na obra das Cabazas, farase unha canaleta de formigón, estando dacordo en esixir que se recolla a terra e restos derivados da limpeza das cunetas.

En referencia ó bache de Baíñas, reitera que non é competencia municipal, senón autonómica e que se levan 3 anos chamando e non se atende.

Acerca do cruce, solicitarase facer pintada rallada no chan para evitar aparcamentos que dificulten as maniobras.

Por último, respecto ó camiño de Bamiro a lugar do Campo, sí que considera que é necesario o seu arranxo coma moitos outros, pero non hai diñeiro para elo que sería bastante custo e ten un problema de augas que agravaría a actuación.

Non tendo máis asuntos que tratar, sendo as 10:38 horas a Alcaldesa-Presidenta levanta a sesión, e eu como Secretario do Pleno redacto este borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, a 8 de febreiro de 2024 do calendario do noso señor.

A alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez

O Secretario Xeral
Francisco Javier Novoa Juiz